

-Modalidade por ferrocarril:

	Obtención certificado	Renovación certificado
Todas as clases	10.30 h	11.30 h

Terceiro.-Os aspirantes deberán presentarse 30 minutos antes do comezo de cada exercicio, para os efectos de facer a súa entrada no recinto no que se realizarán as probas, procedéndose ao peche das portas e ao comezo dos exercicios nos horarios establecidos.

Cuarto.-Os aspirantes terán que presentarse provistos do orixinal do seu documento nacional de identidade, e o domicilio que figure neste deberá estar incluído no ámbito territorial a que se estenda a actuación deste tribunal. Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios a aqueles candidatos que se presenten carecendo da documentación que se acaba de indicar.

Así mesmo, os aspirantes deberán ir provistos de lapis do número 2 e goma de borrar.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009.

Xosé Lluís Fernández Suárez
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 22 de setembro de 2009, de modificación do artigo 16 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de febreiro de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (código de procedemento IN223A).

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, en réxime de concorrencia competitiva, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 16.1º da devandita orde establécese que as subvencións concedidas se farán efectivas unha vez que o beneficiario presente a documentación

acreditativa do investimento obxecto da subvención, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2009.

Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o devandito precepto.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 16 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (código de procedemento IN223A).

O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 16 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, por duplicado, nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 5 de decembro de 2009...».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integridades para o emprego.

A Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG número 12, do 19 de xaneiro) establece na súa dispo-